

Educación Física: 4º, 5 e 6º de Primaria

Información para as familias.

Despois de informar aos alumnos durante a primeira clase e debido ás normais dúbidas, sobre todo dos novos, e pola situación de pandemia, pasamos a informar do seguinte:

Día: **Xoves despois do recreo, de 12:30 a 13:20**

A sesión é conxunta de 4º, 5º e 6º.

Como debemos estar moi ao tanto dos protocolos por mor da crise do Covid que nos obrigan a variar certas normas de todos os anos, pasamos a comunicalas:

- **Indumentaria:** non a variamos e será a mesma que se leva pedindo a todos os alumnos desde terceiro de primaria:
 - Pantalón curto ou malla. (preferiblemente **non larga** e que xa vén da casa debaixo do pantalón de chándal)
 - Camiseta.
 - Calzado deportivo.
 - Chándal.
- **Mascarilla:** Chegan ao pavillón con ela e, xunto coa roupa, a deixan nun espazo específico para cada un e que non variará ao longo do curso. Nese espazo agardan ás indicacións do mestre. A partir da carreira de quecemento a sesión se desenvolve sen mascarilla para permitir a libre entrada de aire e evitar a acumulación de CO2 na respiración.
- A sesión iníciase co quecemento con pantalón curto e optativamente chaqueta de chándal (ou sudadeira) que se retira ao empezar a parte forte da clase. Normalmente nos días de moito frío, e a criterio do mestre, mantense o chándal durante toda a sesión.
- Ao remate da sesión o alumnado volve a abrigarse co pantalón e chaqueta do chándal.
- **Duchas:** lamentamos que por mor dos protocolos sanitarios os alumnos de 4º non se poderán duchar este curso mentres dure a situación de emerxencia sanitaria. Todos sabedes que é máis san e máis educativo pero teriamos as duchas masculinas con exceso de nenos (7) e podería ser unha fonte de contaxio. Así que **os de 4º non se poderán duchar este curso. Os alumnos de 6º usarán os vestiarios da esquerda e os de 5º os da dereita**
- **Problemas médicos.** A exención da clase de EF ou a non realización de determinados exercicios propios da materia só é posible por indicación médica. Non obstante, as indisposicións leves que soen ter os pequenos desta idade basta con comunicalas na axenda ou por teléfono aos titores. En todo caso hai que cumprir cos protocolos sanitarios, **polo que se hai febre ou calquera dos items do autodiagnóstico deben quedarse en casa.**

Para calquera dúbida contacten co centro.